

Xavier Frías Conde

NOTAS ACERCA DO VERBO GALEGO

ANEJO I

Xavier Frías Conde
NOTAS ACERCA DO VERBO GALEGO

UNIVERSIDAD NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA

REVISTA (0170150RE01A20)
REVISTA DE LENGUAS Y LITERATURAS
CATALANA, GALLEGA Y VASCA
(Anuario de filología catalana, gallega y vasca)

Esta revista se puede encontrar en versión digital en <http://revistas.uned.es/index.php/RLLCGV>

Quedan rigurosamente prohibidas, sin la autorización escrita de los titulares del «Copyright», bajo las sanciones establecidas en las leyes, la reproducción total o parcial de esta obra por cualquier medio o procedimiento, comprendidos la reprografía y el tratamiento informático, y la distribución de ejemplares de ellas mediante alquiler o préstamo públicos.

@ UNIVERSIDAD NACIONAL
DE EDUCACIÓN A DISTANCIA - Madrid, 2015

Librería UNED: C/ Bravo Murillo, 38. 28015 Madrid
Tels.: 91 398 75 60 / 73 73, e-mail: libreria@adm.uned.es

DIRECCIÓN: Dra. Julia Butiñá (UNED) y Dr. Josep-A. Ysern (UNED)

CONSEJO DE DIRECCIÓN: Dra. M.^a José Olaziregi (Universidad del País Vasco), Dr. Joan M. Ribera Llopis (Universidad Complutense), Dr. Xavier Frías (UNED).

CONSEJO ASESOR: Dr. Francisco Abad (UNED); Dra. Margarita Almela (UNED); Dra. Aurélie Arcocha-Scarcia; Dra. Beata Baczyńska (Uniwersytet Wrocławski); Dra. Carme Bach (Universidad Pompeu Fabra); Dr. Francisco Calero (UNED); Dra. Assumpta Camps (Universidad de Barcelona); Dra. Francesca Chimento (Universidad de Palermo); Dr. Karlos Cid Abasolo (Universidad Complutense); Dra. Marion Coderch (Universidad de Barcelona); Dr. Antonio Cortijo (Universidad de Santa Barbara, California); Dr. Ricardo da Costa (UFES, Brasil); Dr. Fernando M.^a Domínguez Reboiras (Univ. Freiburg i Br.); Dr. Antonio Domínguez Rey (UNED); Dr. Josep Vicent Escartí (Universidad de Valencia); Dr. Juan Antonio González (UNED. Tortosa); Dra. Sònia Gros (UNED. Gerona); Dra. Helena Guzmán (UNED); Dra. Brigitte Leguen (UNED); Dr. Charles A. Longhurst (Universidad de Londres, King's College); Dr. Roberto Mansberger (Universidad de Wroclaw); Dr. Miquel Marco (Universidad de Barcelona); Dr. Vicent Martines (Universidad de Alicante); Dra. M.^a Àngels Massip (Universidad de Barcelona); Dra. Carmen Mejía (Universidad Complutense); Dra. Irina Myckho-Megrin (Universidad de Barcelona); Dr. Alessandro Musco (Universidad de Palermo); Dra. M.^a Victoria Navas (Universidad Complutense); Dra. Lourdes Otaegi (Universidad del País Vasco); Dr. Andrés José Pociña (Universidad de Extremadura); Dra. Carmen Teresa Pabón de Acuña (UNED); Dr. Xosé Ramón Pena (Universidad de Vigo); Dr. Andrés José Pociña (Universidad de Extremadura); Dr. Román Raña (Universidad de Santiago); Dra. Roxana Recio (Universidad de Creighton, USA); Dra. Isabel de Riquer (Universidad de Barcelona); Dra. Marta Romano (Universidad de Palermo); Dr. José Romera (UNED); Dr. Manuel Rosales (Universidad de Vigo); Dra. Matilde Rovira (Universidad Complutense); Dr. Josep-Enric Rubio (Universidad de Valencia).

CONSEJO HONORÍFICO: Dr. Xesús Alonso Montero (Universidad de Santiago de Compostela); Dr. Antoni M.^a Badia i Margarit (Universidad de Barcelona); Dr. Patricio Urquizu (UNED).

SECRETARIA: Prof. Aranzazu Fernández (UNED).

ISSN: 1130-8508

Depósito Legal: M-14419-1991

Impreso en España - Printed in Spain
Maquetación: Imprenta Nacional AEBOE
Avda. de Manoteras, 54. 28050 Madrid
Impresión: UNED

LIMIAR

O galego, como parte do galego-portugués, é o falar do diasistema que se encontra nunha situación máis complicada canto à súa sobrevivencia. O meu obxectivo aquí non é presentar a situación do galego, mas de analizar algúns comportamentos del, propios e exclusivos en moitos casos, dentro do galego-portugués no terreo da categoría lexical coñecida como verbo. Desde que se comezou a normalizar e normativizar o galego a partir de 1978, foron escritos ducias de manuais e centenas de artigos que se ocupan de cuestións relativas à gramática galega. Con todo, achamos que faltan estudos de conxunto sobre certos elementos, como o verbo. Talvez algúns elementos requiran dunha maior atención, sen por iso dubidar da precisión e do rigor que posúen a maioría dos manuais e dos estudos feitos acerca da gramática galega no seu conxunto.

Para a abordaxe do estudo do verbo vamos seguir o cadro da Gramática Funcional-Categorial, FCG (Frías Conde 2009). Esta teoría nace en grande parte ao amparo do Círculo Lingüístico de Praga, nunha tentativa de actualizar o estruturalismo combinado con elementos xerativistas que son incorporados.

Convén, ademais, mencionar que à hora de estudarmos o galego facémolo dentro da súa pertenza à Lusofonía. O diasistema galego-portugués é variadísimo dentro da súa unidade. O galego, máis concreto a natureza e o comportamento dos seus verbos, como *paralecto* (Frías Conde 2014: 354) que é dentro deste diasistema, ten trazos exclusivos de seu que presentaremos a seguir.

1. UNHA VISIÓN GLOBAL DO PARADIGMA VERBAL GALEGO

1.1 Introducción ao verbo galego

Como todas as linguas románicas, o galego posúe unha enorme variedade de paradigmas verbais. O uso das mesmas depende de factores múltiples que iremos analisando ao longo deste estudo.

En galego é fácil reconecer os distintos compoñentes morfolóxicos, sendo o lexema o principal elemento, aquel que fornece o significado, seguido de morfemas de distinto xénero que reflicten o tempo, o aspecto, o modo, a persoa, etc. Se compararmos un verbo inglés con un galego, logo veremos que na primeira lingua unha parte da información gramatical acostuma ser presentada a través de verbos auxiliares ou modais, como se ve neste exemplo:

(1) *EN: You would arrive.*

O galego, polo contrario, tende a agrupar morfemas, como o resto de linguas románicas, mas iso non presupón que o verbo galego sexa analítico de todo, existen tamén verbos auxiliares e modais que completan a información gramatical. O exemplo anterior pode ser traducido para galego como:

(2) *GL: Chegarías.*

Desta maneira, o verbo galego estrutura a información gramatical por un procedemento de combinación de lexemas e morfemas, como se pode ver no seguinte gráfico:

<i>cheg</i>	<i>a</i>	<i>rí</i>	<i>as</i>
lexema	vogal temática	infixo tempo-aspecto	desinencia persoa
	morfemas		
monema			

Tamén pode ser representado por medio de parénteses cadrados así:

[[[[*cheg*] *a*] *rí*] *as*]]

Por tanto, para abordar o estudo do verbo galego é preciso referir à súa estrutura. Como se ve no exemplo de cima, o verbo galego-portugués ten tres vogais temáticas, onde apenas o verbo *pór* parece un caso estraño, mas en galego cohabita coa variante *poñer*, feita analoxicamente sobre *poño*; alén diso, aínda se conserva no galego eonaviego (Frías Conde 1999) a forma arcaica *poer*, de onde deriva o moderno *pór*.

A seguir, atenderemos para tres elementos cruciais: persoa, tempo e aspecto.

1.1.1 Persoa

É perfectamente sabido que o galego posúe seis persoas, tres do singular e tres do plural. Tais persoas, cando funcionan como suxeitos, mostran unha concordancia con o verbo, o cal permite que as desinencias verbais tornen desnecesaria a expresión do suxeito na maioría dos casos: *canto*, *cantas*, *cantamos*. Con todo, a expresión do suxeito abertamente ten diversas finalidades:

1) énfase:

(3) *GL: Eu xa falei contigo!*

2) mudanza de suxeito en frases compostas:

(4) *GL: Nós nunca estivemos en Irlanda, mas vós estivestes no ano pasado.*

Non sería correcto no exemplo anterior eliminar o suxeito, nomeadamente na segunda frase. Alén diso, convén distinguir entre persoas marcadas e non marcadas. A terceira persoa é considerada non marcada, polo cal é usada en plural para expresar impersonalidade:

(5) *GL: Reparán a ponte todos os anos.*

O suxeito gramatical desta frase ten de ser *eles*, mas se tal *eles* fose colocado abertamente, a frase tería un significado diferente, pois *eles* son persoas coñecidas polo falante. O valor impersoal no caso anterior tamén se consegue grazas a unha construción impersoal con *se* que estudaremos despois. Este tipo de construcións prescinde do axente ou do experimentador, é dicir, do suxeito, porque pragmaticamente non interesa ou é descoñecido:

(6) *GL: Véndese unha casa na praia.*

(7) *GL: Aquí arránxanse autos estranxeiros.*

1.1.2 Tempo real e tempo verbal

Os dous conceptos anteriores correspóndense co inglés *time* e *tense*, respectivamente¹. Como en tantas outras linguas, o galego-portugués non ten sempre unha correspondencia mutua entre ambos elementos. Para comezar, presentaremos os tempos verbais simples propios do galego, tendo en conta as diferenzas aspectuais):

¹ Aquí falaremos de *crono* para *time* e de *tempo* para *tense*.

	Real				Hipotético	
	Presente	Pretérito	Copretérito	Antepretérito	Presente	Pretérito
Indicativo	<i>falo</i>	<i>falei</i>	<i>falaba</i>	<i>falara</i>	<i>falarei</i>	<i>falaría</i>
Conxuntivo	<i>fale</i>		<i>falase</i>		<i>falar</i>	

Os chamados tempos hipotéticos hanse identificar co futuro e o condicional ou potencial da gramática tradicional, de tal xeito que o presente hipotético é o futuro, encanto o pretérito hipotético é o condicional.

1.2 Formas compostas

Moitas circunstancias aspectuais son expresadas en galego por medio de verbos modais. Non se trata de meros verbos sintácticos, como pode acontecer cos modais ingleses, mas de cúmulo verbais que forman unha unidade xunto co verbo lexical. A gramática tradicional ponlles a etiqueta de *perífrases verbais*, mas, como veremos a seguir, non todos os cúmulo verbais poden ser considerados perífrases, mas formas compostas do verbo, como acontece noutras linguas románicas, de maneira que tamén en galego estaríamos a falar de tempos de perfecto e tempos continuos.

Como xa dixemos antes, en moitos casos a relación entre o tempo e o crono non é sempre bidireccional. Por tanto, en galego o tempo real futuro pode ser expresado de múltiples formas, para alén do tempo verbal futuro. Obsérvase como esta frase inglesa con expresión de futuro inmediato:

(8) *EN: They are going on holiday tomorrow.*

sería traducida para galego como:

(9) *GL: Mañá van de ferias.*

onde o tempo presente expresa crono futuro

Tempo	Uso(s)	Exemplos
I. Tempos simples		
1. Presente	Rutinas e cousas invariábeis. Futuro inmediato (por norma con un adverbio temporal).	<i>De mañá tomo café con leite.</i> <i>Mañá collo un voo para A Habana.</i>

Tempo	Uso(s)	Exemplos
<p>2. Pasado</p> <p>2.1 Pretérito</p> <p>2.2 Copretérito</p> <p>2.3 Antepretérito</p>	<p>Cousas que se fan ao longo do tempo.</p> <p>Os comandos poden ser expresados en presente. Resultan máis fortes mesmo.</p> <p>Accións completadas no pasado.</p> <p>Refírense a accións que están a acontecer ao longo do pasado. Acostuma haber unha referencia temporal. _____ ...</p> <p>É normal cando dúas actividades ou eventos aparecen xuntos.</p> <p>O antepretérito existe cando se dan dúas accións ou eventos, tendo lugar un antes do outro (pasado do pasado); é o máis antigo que se expresa co antepretérito. ... __A_ .. __B_ </p>	<p><i>Nos veráns acostumo axudar o meu pai no traballo.</i></p> <p><i>Tu quedas aquí.</i> <i>Vós quedades sen ver hoxe a tele.</i></p> <p><i>Onte fostes no cinema, certo?</i></p> <p><i>No verán de 1998 eu estudaba alemán.</i> <i>Mentres vía a televisión, petaron na porta.</i></p> <p><i>Os estudantes chegaran à cidade antes de saberen a noticia.</i> <i>Pedín a información ao gabinete, mas eles xa ma mandaran.</i></p>
<p>II. Formas continuas (formados con <i>estar a + INFINITIVO</i>)</p>	<p>Acontecementos que están a acontecer no momento actual.</p>	<p><i>Estou a comer xusto agora².</i></p>

² Convén salientar que a diferenza entre tempos simples e compostos en galego non é tan estrita como noutras linguas, por exemplo o inglés, o cal distingue claramente entre *What do you do?* e *what are you doing?* O galego podería utilizar en ambos os casos *Que fas?* A frase inglesa *I'm playing football at the moment now* pode ser tornada para galego como: *Estou a xogar futbol agora* aínda que en certos contextos podería mesmo ser *Agora xogo futbol*. Con todo, a primeira é máis habitual.

Tempo	Uso(s)	Exemplos
III. Formas de perfecto³ (formados con <i>ter</i> + PARTICIPIO)	<p>Ha un caso en que se trata dunha auténtica perífrase, como veremos despois.</p> <p>Pode acontecer –embora sexa máis frecuente en portugués– que se faga referencia a un evento acontecido nun pasado prolongado no presente e cuxas consecuencias aínda teñen repercusións.</p>	<p><i>Ese camiño téño eu andado des que era neno.</i></p> <p><i>Téño visto corenta veces.</i></p> <p><i>Téño feito, mas non o trouxen.</i></p>

Máis adiante trataremos sobre a existencia de tempos compostos de perfecto en galego.

1.3 Algunhas notas acerca do paradigma do galego

Se compararmos o paradigma do galego padrón co do portugués, atoparemos significativas diferenzas baseadas na procura de diverxencias entre galego e portugués. Moitos dos fenómenos portugueses existen nas falas galegas, mas son rexeitados pola norma oficial.

Non obstante, ha diferenzas reais entre galego e portugués, algunhas das cales recolleremos aquí. De entrada, en galego o antepretérito sintético está moi vivo, à diferenza do portugués falado, que o substituíu por un tempo composto, embora na escrita se conserve mellor. O portugués constrúe o antepretérito con *tinha* + PARTICIPIO, chegando a usar mesmo *havia*, como o español (o cal se ouve en Xálima). Por outro lado, o futuro de conxuntivo portugués ten practicamente desaparecido do galego, polo menos do galego oral, aínda que se tenta reintroduci-lo na lingua escrita.

O galego-portugués partilla co español e o francés o uso de *ir* + INFINITIVO para expresar futuro (à diferenza do catalán e do italiano):

(10) *GL: Vou comprar uns presentes para o aniversario do meu sobriño.*

A norma padrón galega presenta unha serie de arcaísmos que a afastan claramente do portugués canto ao paradigma verbal.

³ Para a maioría dos gramáticos os tempos compostos non existen en galego. Nós defendemos a súa existencia e despois nos ocuparemos do tema con máis pormenor. Con todo, a súa existencia en galego non significa que teñan o mesmo comportamento que nunha lingua tan próxima como o español.

Por un lado, a conservación da acentuación etimolóxica na 1PP e 2PP do copretérito de indicativo e de condicional: *cantabamos, cantabades*, coincidindo, xa que logo, co italiano *cantavamo, cantavate*. Porén, a acentuación analóxica *cantábamos, cantábades* existe tamén en galego, embora non faga parte do padrón. O pretérito de conxuntivo, polo contrario, non segue esa pauta: *cantásemos, cantásedes*.

O seguinte elemento que presenta interese é a conservación de terminacións moi conservadoras para a 2PP: *cantades, bebedes, partides*. O portugués, que como é ben sabido só usa a 2PP en textos arcaizantes, ofrece neste caso *cantais, bebeis, partis*, coa persoa *vós*, igualmente arcaizante e dialectal en portugués (conservada, porén, na faixa leste desde Tras-os-Montes até a Beira Baixa). Con todo, en galego tamén existen esas mesmas formas coincidentes co portugués.

En contraste, o galego presenta unha terminación máis evoluída para a 2PS no pretérito: *cantaches, comiches, partiches*, fronte ao portugués *cantaste, comeste, partiste*. Existe, alén diso, unha importante diferenza canto aos pretéritos fortes. Así, para o portugués en 3PS *disse, trouxe, houve, quis, pôs, fez*, o galego ten *dixo, trouxo, houbó, quixo, puxo, fixo*; ora ben, a metafonía vocálica que non se reconece na norma oficial galega si aparece, por exemplo, en galego onaviego: *poxo, fexo*.


Fóra destas xeneralidades, os paradigmas galego e portugués son semellantes.

1.4 A mesóclise


A mesóclise é un dos elementos máis característicos do portugués actual, aínda que esta estrutura non se usa na lingua corrente e queda reservada para rexistros moi cultos:

(11) *PT: Dir-te-ei alguma coisa interessante.*

Con todo, non se pode negar categoricamente a existencia da mesóclise en galego. Porén, ambos os tipos de mesóclise son diferentes canto à súa estrutura. A mesóclise portuguesa ten a estrutura:



encanto que a galega ten:



Para alén de que a estrutura galega ten un valor moi semellante, senón igual, que a portuguesa, a conxugación en mesóclise abrangue tanto o futuro canto o condicional:

	Galego	Portugués
Futuro	<i>heino ver</i> <i>halo ver</i> <i>hao ver</i> <i>ímolo ver</i> <i>ídello ver</i> <i>hano ver</i>	<i>vê-lo-ei</i> <i>vê-lo-ás</i> <i>vê-lo-á</i> <i>vê-lo-emos</i> <i>vê-lo-eis</i> <i>vê-lo-ão</i>
Condicional	<i>íao ver</i> <i>íalo ver</i> <i>íao ver</i> <i>íámolo ver</i> <i>íádello ver</i> <i>íano ver</i>	<i>vê-lo-ia</i> <i>vê-lo-ias</i> <i>vê-lo-ia</i> <i>vê-lo-íamos</i> <i>vê-lo-íeis</i> <i>vê-lo-iam</i>

Podería parecer un chisco arriscado presentar unhas formas mesturadas do verbo **haber** xunto con **ir**, mas a realidade é que o paradigma de encima é corrente en galego. Con todo, en galego as formas anteriores conviven coas formas plenas canto a *haber* (> *habémolo*, *habédello*), menos correntes, a pesar de todo. Por outro lado, na conxugación galega a mesóclise é unha opción, pois o clítico pode ir tras o lexema: *hei velo*, *has velo*, *ha velo*. De facto, o galego ofrece polo menos tres solucións equivalentes à mesóclise portuguesa:

- (12) a. GL: *Heiche dicir unha cousa interesante.*
 b. GL: *Hei dicirche unha cousa interesante.*
- (13) a. GL: *Vouche dicir unha cousa interesante.*
 b. GL: *Vou dicirche unha cousa interesante.*
- (14) GL: *Direiche unha cousa interesante.*

2. O USO DO CONXUNTIVO EN GALEGO (I)

2.1 A complexidade do modo de conxuntivo

Este capítulo visa analizar o uso do modo conxuntivo en galego, aínda que a maioría do que aquí se exporá é válido no xeral para o resto das linguas ibero-románicas. As gramáticas tradicionais pasan na punta das dedas acerca do uso do conxuntivo etiquetándoo como o modo da hipótese, do porvir, cando o seu uso é regulado por principios que tentaremos expor a seguir. Na maioría dos casos, o conxuntivo é un modo que vén imposto e non é opcional, rexido por un predicado na oración principal que será que decida o modo.

Deste xeito, a nosa clasificación do conxuntivo é como segue:

1. Impropio: <i>Fale xa!</i>
2. Propio:
2.1 Estrutural <i>Quero que fale</i>
2.2 Non estrutural
2.2.1 <i>Realis</i> <i>Quizá vén</i>
2.2.2 <i>Irrealis</i> <i>Quizá veña</i>

2.2 Uso impropio do conxuntivo

As linguas románicas non posúen todo o paradigma para o imperativo, do cal tamén carecía o latín; con todo, foi desenvolvido en romance para encher todos os ocos paradigmáticos coa axuda das formas do conxuntivo. Deste xeito, o paradigma do conxuntivo galego, nas formas afirmativa e negativa —excepto para a 1PS— é como se ve a seguir:

[G1]	(+)	(-)
2PS	<i>canta</i>	<i>non cantes</i>
2PS (cortesía)	<i>cante</i>	<i>non cante</i>
1PP	<i>cantemos</i>	<i>non cantemos</i>
2PP	<i>cantade</i>	<i>non cantedes</i>
2PP (cortesía)	<i>canten</i>	<i>non canten</i>

Como se ve, o galego (-portugués) carece de formas propias en todo o paradigma negativo e só de dúas no afirmativo (en portugués *cantade' cantai*, mas mesmo aquí, como xa quedou dito, úsase por norma *cantem*, por tanto só existe unha única forma de imperativo).

2.3 O conxuntivo en contraste con outros modos

Para alén do uso xa mencionado encima, o uso do modo conxuntivo vén regulado por unha serie de normas complexas demais, mas que emanan da oración principal. Por outro lado, habería que responder a unha pregunta sobre a que non existe unha resposta concordante na lingüística iberorrománica: cantos modos existen en románico? Véñse falando de catro modos: indicativo, conxuntivo (ou subxuntivo), potencial e imperativo. Xa en §1.1.2 optamos por incluír o potencial dentro do indicativo, distinguindo dous subtipos: o real e o hipotético⁴.

No seguinte gráfico móstrase cal é o uso dos tres modos románicos (indicativo, conxuntivo e imperativo) na oración principal e na dependente:

[G2]	Principal	Dependente
Indicativo	(+)	(+)
Conxuntivo	(-)	(+)
Imperativo	(+)	(-)

2.4 A etiqueta *realis* ~ *irrealis*

Esta etiqueta posúe unha inmensa importancia, dado que permite entender o uso de indicativo ou conxuntivo en determinado tipo de oracións; isto quere dicir que entra en xogo o *modus* fronte ao *díctum*. Deste xeito, a etiqueta *realis* [+ *realis*] corresponde a eventos ou factos que aconteceron ou han acontecer de certo. O falante está envolvido na súa locución e, cando se tratar de persoas ou obxectos, o falante é ciente da súa existencia. Polo contrario, a etiqueta *irrealis* [- *realis*] fai referencia a eventos ou factos cuxa implementación non pode ser garantida, entra dentro do ámbito da hipótese; desa maneira, o falante non pode

⁴ Alarcos Llorach (1994: 149-50) fala dun modo *condicionado* que inclúe o futuro e condicional, considerándoo un modo diferente do indicativo. A noso ver, non é un modo diferente, é parte do indicativo; con todo, Alarcos si agrupa estes dous tempos xuntos. Historicamente é así visto que o futuro se forma sobre o presente e o condicional sobre o pretérito nas linguas xermánicas, como se ve no inglés *I will see* e *I would see*, respectivamente (cfr. alemán *ich wird sehen* e *ich wurde sehen*); este mesmo procedemento vese até no árabe clásico, onde o futuro é un presente con un prefixo: *satatakallam* (=falarás) e o condicional é esa mesma forma con auxiliar de pasado diante: *kunta tatakallam* (=falarías). Convén non esquecer que o futuro e condicionais sintéticos románicos tamén proceden do presente e do pretérito latinos: *cantare habeo* e *cantare habebam* respectivamente. É esta a razón pola cal A. Bello chamou o condicional *pospretérito*.

garantir a existencia das persoas ou elementos aos que se fai tal referencia. As dúas etiquetas móstranse nos seguintes exemplos:

(19) *GL: Os veciños que teñen cans non poden deixalos ceibes no patio.*

O falante ten certeza que os veciños teñen cans. Porén, se houber dúbidas sobre a presenza de cans, sería máis axeitado usar o conxuntivo, expresión da hipótese, un uso, xa que logo, que partillan todas as linguas iberorrománicas:

(20) *GL: Os veciños que teñan cans non poderán deixalos ceibes no patio.*

O uso do futuro na oración principal é facultativo (*poderán*), aínda que o uso do conxuntivo nas oracións relativas produce un efecto de orde (probabelmente un escrito).

As oracións etiquetadas como [+realis] nunca aceptarían un conxuntivo, como se ve no seguinte exemplo:

(21) *GL: Ha xente que non sabe / *non saiba comportarse.*

Polo contrario, a transformación da frase anterior de afirmativa para negativa produce unha situación de *irrealis*, visto que a negación acostuma ir ligada à hipótese:

(22) *GL: Xa non ha xente que *sabe/ saiba cociñar ben.*

2.5 O modo conxuntivo en oracións principais ou simples

O modo conxuntivo pode ser aparentemente usado en frases simples ou oracións principais, mas a realidade é que non é así. A presenza do conxuntivo neste xénero de frases e oracións é debido à omisión dunha oración completa, o cal indica que non se dá en frases simples, pois estas son, na realidade, oracións dependentes completivas, cuxa oración principal está cuberta (*covert*, en inglés, isto é, omitida). Danse catro casos que iremos analizando un por un.

2.5.1 Primeiro tipo


Por un lado, a oración principal está simplemente omitida ou cuberta, mas pode ser recuperada facilmente. O complementador *que* está presente; son oracións cun valor imperativo.

(23) *GL: Que calen xa.*

É así como a recuperación da oración resulta ben sinxela, precisamente grazas ao *que*:

(24) *GL: Espero que calen xa.*

A representación da oración é como se ve a seguir



Obsérvese como o primeiro COMP vén enchido cun *pro*, que é de facto a proforma que substitúe toda a oración principal.

2.5.2 Segundo tipo

O segundo tipo de oracións principais aparentemente en subxuntivo tamén presenta unha oración principal cuberta, mas neste caso non ha un complementador *que*. Acostuma tratarse de oracións de pensamento ou opinión, coa presenza de certos adverbios de dúbida, como *quizá*, *talvez*, *probabelmente*, que de facto representan a oración principal truncada:

(25) GL: *Seica veñan máis tarde*⁵.

A hipótese da oración principal truncada é plausíbel en todos os casos, por tanto, íase poder reescribir a frase simple anterior xa como unha frase complexa:

(26) GL: *É posíbel que veñan máis tarde*.

(27) PT: *É capaz que venham mais tarde*.

⁵ A etimoloxía deste adverbio só galego é *sei que*; de facto, no galego eonaviego conserva aínda a forma arcaica *seique*. Non debe, por tanto, estrañar que este tipo de adverbios teñan unha orixe semellante. Obsérvese como quizá tamén procede dunha construción parella: *QUI SAPET*, conservada no italiano *chissà* (*che*), aínda que cun valor lixeiramente distinto. O mesmo se pode ver no catalán *potser* e o francés *peut-être*, que teñen un equivalente no galego *poida que*, fosilizado. Aínda se pode adicionar a esta categoría *disque*, arcaica en portugués, aínda vixente en certos xeolectos do español americano, e que ten o seu reflexo no sardo *nachi* (< *narat chi*). O facto de estas adverbios seren, na súa orixe, verbos de pensamento ou dicción na maioría dos casos, é o que nos leva a falar de oracións truncadas.

Talvez e outros adverbios semellantes poden ser mantidos cando a oración truncada é recuperada. Neste caso deixan de ser proformas para pasaren a ser meros adverbios.

(28) *GL: Penso que seica veñan máis tarde.*

Os exemplos anteriores responden a unha interpretación [- realis], mas tamén se pode dar unha [+ realis] in cuxo caso, o indicativo (de preferencia en tempo futuro) é obrigatorio:

(29) *GL: Penso que seica veñen / han vir máis tarde.*

É moi interesante observar a diferenza significativa entre colocar *seica/talvez* antes ou despois do verbo. Cando vén colocado antes do verbo, a escolla do indicativo ou do conxuntivo é realizada segundo os principios de [\pm realis], funcionando quer como proforma, quer como adverbio; mas, cando é colocado despois do verbo, é só un adverbio e só é posíbel utilizar o indicativo, sendo pois unha auténtica frase simple:

(30) *GL: Os meus pais veñen/*veñan seica de luns.*

2.5.3 Terceiro tipo

O terceiro tipo queda restrinxido às frases introducidas con *oxalá* que só se encontran en galego-portugués e español. Neste caso, a oración principal tamén pode ser recuperada, porén, neste caso, a oración recuperada e *oxalá*, à diferenza da sección anterior, non poden cohabitar na mesma frase:


(31) *GL: Oxalá⁶ (que) aprobes o exame.*

Obsérvese como o *que* é opcional, mas a súa presenza revela a existencia dunha oración dependente. De facto, podería substituírse *oxalá* por un verbo que exprese desexo ou esperanza:

(32) *GL: Espero / desexo que aprobes o exame.*

A interpretación de *oxalá* como unha proforma pode ser verificada na seguinte análise, onde a partícula en cuestión debe ser colocada no primeiro COMP:

⁶ Como acontecía cos adverbios anteriores, todos eles fosilizados a partir de un verbo, tamén *oxalá* se axusta ao mesmo patrón, coa diferenza de que procede do árabe *wa ša' Allah* (=e queira Deus).



2.5.4 Cuarto tipo

Xa na nota a rodapé 6 ofrecemos un exemplo que recuperamos aquí máis longo:

(33) *GL: Queira Deus que todo vos vaia ben.*

Este tipo de construcións non son exactamente de subxuntivo como tal, senón de imperativo de terceira persoa.

2.6 O conxuntivo estrutural

En moitos casos, o conxuntivo non é opcional, é obrigatorio (véxase despois o capítulo 3). A maioría das oracións completivas rexen conxuntivo sen existir calquera razón semántica ou pragmática para iso. Veremos como o conxuntivo se torna obrigatorio cando o suxeito dos dous predicados, o da oración principal e o da dependente, son diferentes.

O conxuntivo é tamén rexido polos chamados verbos impersonais en 3PS, nomeadamente con *é* + SA e SN, sendo despois seguidos de *que*:

(34) *GL: É difícil que che dean o traballo.*

Porén, se o suxeito da oración dependente for irrelevante, o infinitivo é a opción máis lóxica:

(35) *GL: É difícil atopar traballo.*

Ora ben, cando neste tipo de frases se pode usar o conxuntivo, tamén é posíbel utilizar o infinitivo conxugado

(36) *GL: É difícil atoparmos traballo.*

Ha, con todo, algunhas excepcións ao uso do conxuntivo estrutural cando a categoría [+ realis] aparece co adxectivo. Cando isto acontece, o principio estrutural fica cancelado a favor da natureza semántica do adxectivo (ou do nome). Tal acontece con expresións tais que *é verdade / certo* cando o predicado principal é afirmativo:

(37) *GL: É verdade / certo que mercou un auto.*

No entanto, esta construción non admite infinitivo. Alén diso, o exemplo previo rexe conxuntivo cando o predicado principal é negativo (lémbrese que a negación envolve [- realis]):

(38) *GL: Non é verdade / certo que mercase un auto.*

Por outro lado, o adxectivo oposto *falso* (ou o nome *mentira*) réxese polos principios de [\pm realis]:

(39) *GL: É falso que mercou / mercase un auto.*

Novamente encontrámonos cunha estrutura que non admite infinitivo. Mas canto ao resto de estruturas estudadas, convén insistirmos en que alí onde se dea o conxuntivo, este será substituíbel polo infinitivo conxugado:

(40) *GL: É posíbel / probábel que veñan despois.*

(41) *GL: É posíbel / probábel viren despois.*

3. O USO DO CONXUNTIVO EN GALEGO (II)

3.1 Esquema das oracións dependentes en referencia ao conxuntivo

Para abordarmos o estudo do conxuntivo nas oracións dependentes, imos utilizar o seguinte esquema clasificativo a partir do que presentamos (Frías Conde, 2008) para a Gramática Funcional-Categorial:

1. Oracións inseridas ou inordinadas.
 - 1.1 Oracións completivas.
 - 1.1.1 Tipo I: con verbos de vontade, consello, mandado e expectativa.
 - 1.1.2.1 Con suxeito.
 - 1.1.2.2 Con expletivo⁷.
 - 1.1.2 Tipo II: con verbos de dicción, pensamento e percepción.
 - 1.2 Oracións de extensión⁸.
 - 1.3 Oracións de relativo.
2. Oracións anexas ou subordinadas.
 - 2.1 Oracións de adxunto.
 - 2.1.1 Oracións finais.
 - 2.1.2 Oracións causais.
 - 2.1.3 Oracións temporais e outras.
 - 2.2 Oracións de tópico.
 - 2.2.1 Oracións condicionais.
 - 2.2.3 Oracións consecutivas e outras.

3.2 O conxuntivo en oracións completivas

3.2.1 Oracións completivas de tipo I

A maioría dos verbos cuxos obxectos son oracións completivas rexen conxuntivo. Antes de proseguirmos coa análise do uso do conxuntivo, convén sinalar que o indicativo é un modo non marcado, en cuanto o conxuntivo é marcado. Desta maneira, a activación da etiqueta [\pm MOD] é a que desencadeará o uso do conxuntivo nas oracións completivas.

⁷ Disque non existe o expletivo en galego-portugués, como no resto do iberorrománico, só se atopa en francés, lingua que non admite suxeito cero:


(I) FR: *Il faut changer d'avis.*

⁸ Unha oración de extensión está ligada a unha palabra lexical (nome, adxectivo ou adverbio), mas sen función sintáctica respecto do predicado.

(II) GL: *É hora de cearmos.*


Non ha, por tanto, hipótese de escoller o modo deste tipo de oracións dependentes, pois vén fixado por razóns sintácticas (véxase encima §2.6), que interpretaremos como imposto polo COMP da oración principal, que asume o trazo [+ MOD]. O COMP neste caso é o modalizador. No entanto, este trazo [+ MOD] só se activa caso os suxeitos de ambos os predicados sexan diferentes, como acontece no seguinte exemplo⁹:

(42) *GL: A María espera que [tu] veñas á casa.*



Por tanto, caso os dous suxeitos sexan iguais, imponse o uso do infinitivo e o suxeito GL:

(43) *GL: A María espera vir á casa.*




⁹ O romeno é unha excepción dentro das linguas románicas, pois utiliza o conxuntivo tamén cando o suxeito de ambos os predicados é o mesmo, coincidindo neste uso co grego moderno, no que parece ser un trazo do substrato balcánico. Esta é a equivalencia do exemplo (42) en romeno:

SR: *María speră să vină acasă*


Como xa ficou dito anteriormente, estas frases rexen un conxuntivo estrutural na oración dependente. Todos os exemplos anteriores corresponden a oracións completivas, mas as cousas complícanse cando tratamos con oracións completivas de suxeito-cero, que veñen a equivaler a oracións de expletivo-cero¹⁰. Estruturalmente son máis complexas, pois admiten distintas fórmulas para a oración dependente, desde o conxuntivo até o infinitivo conxugado ou o non-conxugado:

(44) *GL: Convén / fai falla que estudes aínda máis.*



Este tipo de frases admite un uso impersonal do infinitivo da oración dependente:

(45) *GL: Convén / fai falla estudar máis.*




¹⁰ Chamámolas así porque este tipo de oracións, en linguas con expletivos (francés, alemán, inglés) rexen este elemento:

FR: *Il faut étudier beaucoup*

Como xa ficou mencionado, este tipo de frases de expletivo-cero aceptan o infinitivo conxugado na oración dependente (vid. §2.6):

(46) *GL: Convén estudares aínda máis.*



Con todo, neste tipo de oracións, ben como nas mostradas en §2.6 non é posíbel explicitar un suxeito preverbal, en cuanto o infinitivo conxugado introducido por preposición admite sempre o suxeito explícito (aberto):

(47) *GL: Reaxe así para [nós] nos fixar nel.*

e pode, por tanto, ficar implícito (cuberto). Mas cando se trata de construcións impersoais, sen suxeito, non é posíbel explicitar o suxeito:


(48) *GL: *Convén tu estudares máis.*

(49) *GL: *É imposible non nós concordar con el.*

Só é posíbel explicitar o suxeito nos exemplos anteriores cando é posverbal, o que lle fai adquirir un valor enfático, particularmente contrastivo, propio dun foco à dereita. Con todo, probabelmente se poida explicar simplemente por un desprazamento do infinitivo para a posición de COMP:

(50) *GL: Convén estudares máis tu.*

(51) *GL: É imposible non concordarmos nós con el.*



É moi interesante a comparación co sardo, outra lingua románica que aínda posúe infinitivo conxugado. En sardo, o infinitivo conxugado nunca leva o suxeito preverbal, é sempre posverbal, ademais de ir sempre precedido de preposición (Jones 1993: 268, 278, 281)¹¹. A interpretación xerativista do autor inglés é reinterpretada por nós como un ascenso do infinitivo desde a posición de PRED para a de MOD. Este é un dos exemplos de Jones para o sardo, xunto coa equivalencia galega dos mesmos (usaremos a grafía padrón do sardo):

- (52) a. SR: *Devo acabare custu traballu prima de ghiraret su mere.*
 b. GL: *Hei de acabar este traballo antes de o xefe voltar.*

3.2.2 A Consecutio Temporum en oracións completivas

Todas as relacións previas relativas ao uso do conxuntivo están fortemente ligadas às regras da *consecutio temporum* existente entre a oración principal e a dependente. No xeral, o presente e o futuro da oración principal rexen presente na oración dependente:

- (53) GL: *Quere / quererá que veñas máis tarde.*

¹¹ O sardo, à diferenza do galego-portugués, ten conxugación en todas as persoas do paradigma. Estas son as desinencias do verbo *cantare*:

1PS	<i>cantàrepo</i>
2PS	<i>cantares</i>
3PS	<i>cantaret</i>
1PP	<i>cantàremus</i>
2PP	<i>cantàredis</i>
3PP	<i>cantarent</i>

Alén diso, o infinitivo conxugado sardo pode ser usado en oracións completivas, o cal é imposible en galego-portugués, como as mostradas no inicio desta sección. En sardo pódese dicir para o exemplo (42):

SR: *Maria isperat a bènneres tue a domo.*

O pasado (pretérito ou copretérito) rexe tempos de pasado:

(54) *GL: Quixo / quería que viñeses máis tarde.*

O antepretérito rexe un pretérito composto, aínda que isto non é obrigatorio, apenas se o contexto o exixir de modo a especificar un proceso ou unha acción completados; outramente, prefírese a forma simples máis do que en español. Por outro lado, o uso do antepretérito na oración principal neste xénero de frases pode sonar estraño; porén, o condicional composto é usado de preferencia, visto que o expresado é irreal. Con todo, o antepretérito será probabelmente substituído polo copretérito.

GL: Quixera / teña querido // tería querido que viñeses / tiveses vido máis tarde.

Este tipo de oracións completivas non acepta indicativo, tal como xa foi sinalado, mas é posíbel encontrar algunhas excepcións a esta regra. O verbo *esperar* (mas non *querer*, por exemplo) poden rexer futuro en oracións dependentes cando expresan unha certeza (case) absoluta:

(55) *GL: Espero que virás à miña festa.*

De facto, *esperar* no exemplo anterior podería ser expresado cunha construción semántica de pensamento:

(56) *GL: Estou case certo que virás à miña festa.*

3.2.3 Oracións completivas de tipo II

Os verbos de dicción e pensamento non obrigan as oracións dependentes a tomaren conxuntivo en galego, ben como no resto de linguas iberorrománicas, mas si o fan en italiano padrón e en sardo¹². Desde un punto de vista estrutural, a oración principal posúe un COMP marcado [- MOD], o cal explica por que a oración dependente toma indicativo, xa que é a forma non marcada:

(57) *GL: Penso que marcharon ha un bocado.*

¹² En italiano padrón, este tipo de estruturas exixen conxuntivo:

(VI) IT: *Credo che lui sia troppo alto.*

Con todo, no italiano falado ha unha tendencia imparábel a utilizar neste caso o indicativo, como en iberorrománico:

(VII) IT: *Credo che lui è troppo alto.*


O sardo tamén utiliza neste caso o conxuntivo:

(VIII) SR: *Creo chi isse siat tropu artu.*

Mas como xa indicamos anteriormente, este exemplo en sardo pode ser tamén reformulado con infinitivo conxugado, co suxeito posverbal, como xa ficou dito encima:


(IX) SR: *Creo a èssetet tropu artu isse*

Tal estrutura pode ser representada así:




Os verbos de dicción seguen o mesmo esquema:

(58) *GL: [Di / cre] que está doente.*



Alén diso, todos estes verbos tamén aceitan construcións infinitivais cando o suxeito de ambos os predicados é o mesmo (porén, é máis frecuente con verbos de pensamento que de dicción). As oracións completivas de tipo II compórtanse como as de tipo I canto ao uso do conxuntivo tratándose de frases negativas. É unha reacción ben interesante, visto que NEG se torna un modalizador. Convén non esquecermos que este tipo de oracións posúe [- MOD] no seu COMP, o que favorece que NEG se torne un auténtico modalizador:

(59) *GL: Non [di / cre] que estea / estivese doente.*



Paradoxalmente, cando o predicado principal é negativo (mas con valor de imperativo), o predicado dependente mantén o modo indicativo:

(60) *GL: Non creas que está doente.*

A explicación desta aparente falta de coherencia xace no facto de a última frase ser unha oración imperativa negativa, que axe dun modo semellante a un tempo indicativo afirmativo no predicado principal.

3.2.4 *Conxuntivo en oracións relativas*

Como norma, a forma non marcada nas oracións relativas é o indicativo, en cuanto o conxuntivo resulta ser o modo marcado. Podemos, por tanto, establecer o uso de indicativo e conxuntivo nestas oracións como un caso de *realis~irrealis*, embora existan casos en que tal diferenza fica anulada, onde o falante pode escoller entre calquera dos dous modos sen case diferenza de significado:

(61) *GL: Non acredites todas as cousas que che contan / conten.*

Por outro lado, onde a diferenza ten relevancia:

(62) *GL: Ten coidado co que comes.*

compárese con:

(63) *GL: Ten coidado co que comas nas ferias.*

No primeiro exemplo o acto de comer fai referencia a un costume; no segundo exemplo fai referencia, porén, a un momento ou período específico. No entanto, a oposición permanente/ puntual, que é máis propio do aspecto que do

tempo, non é a única diferenza que afecta ao uso do indicativo e do conxuntivo. A dicotomía *realis/irrealis* pode estenderse para a percepción do falante, o cal, cando coñece alguén ou algo, opta de preferencia polo indicativo:

(64) *GL: A xente que traballa en agosto non terá problemas para estacionar.*

(65) *GL: A xente que traballe en agosto non terá problemas para estacionar.*

Os casos mostrados encima non son estruturais, isto é, a escolla do modo depende de criterios lingüísticos. Con todo, cando se trata de oracións negativas pasa a ser estrutural, pois a negación, como xa mostramos, rexe conxuntivo.

(66) *GL: Non vexo por aquí animais que sexan perigosos.*

Tamén o imperativo na oración principal rexe conxuntivo na oración relativa, como acontece no resto do iberorrománico, mas non en francés, sardo ou italiano, que prefiren o indicativo.

(67) *GL: Ven cando teñas/ tiveres tempo.*

Un grupo final de oracións relativas rexidas por conxuntivo está formada por aquelas que carecen de referente e son introducidas nomeadamente por *quen* e *o que*, mas poden encontrarse outros relatores. O galego pode neste caso escoller entre presente de conxuntivo (e na lingua culta tamén futuro de conxuntivo, que é a única opción en portugués) e algún tempo de indicativo, sempre segundo o criterio de *realis/irrealis*, a depender do grao de certeza ou hipótese que tiver o falante, ou ben o grao de envolvimento do falante coas persoas, cousas ou eventos involucrados:

(68) *GL: Quen teña / tiver sorte poderá saír de aquí.*

A maior ou menos distancia da realidade pode ser expresada polo uso do futuro de indicativo na oración principal, mas se o falante pretender expresar certeza, entón a oración principal será construída co presente de indicativo, e tamén a relativa. Obsérvase a estreita relación modo-temporal entre os predicados de ambas as oracións, a principal e a dependente:

(69) *GL: Quen estuda idiomas atopa traballo axiña → Certeza.*

(70) *GL: Quen estude / estudar idiomas, atopará traballo axiña → Posibilidade.*

Por outro lado, as frases clivadas constrúense inserindo unha oración relativa que rexa indicativo¹³:

(71) *GL: Quen deu saído de aquí é o Ignacio.*

¹³ A forma non enfática sería: *O Ignacio deu saído de aquí.*

3.3 O conxuntivo en oracións anexas


As cláusulas anexas forman un grupo heteroxéneo que poden ser subclasificadas en tres subgrupos, segundo o seu comportamento sintáctico:

- i. Cláusulas adxuntas introducidas por un complementador que conteña unha preposición + que ou preposición + INFINITIVO. Un exemplo disto son as oracións con nexos temporais, como *antes «de» [que] e despois «de» [que]*. Tais oracións rexen conxuntivo, como as completivas, coas que partillan un bo número de características canto à súa estrutura; de facto, son tipoloxicamente iguais.
- ii. Oracións temporais introducidas por *mentres/ encanto, cada vez que e cando*.
- iii. Oracións condicionais introducidas por *cando*.

3.3.1 O conxuntivo en oracións anexas


Como xa quedou dito, non ha diferenza entre este tipo de oracións e as completivas canto ao seu comportamento gramatical, salvo no caso de oracións completivas que rexen indicativo. Para ilustrar tal comportamento, tomemos unha oración final con dous suxeitos diferentes:

(72) *GL: Vin à casa para que descanses mellor.*




Cando o suxeito de ambos os predicados é o mesmo, requírese unha oración de infinitivo, o cal tamén acontece coas oracións completivas

(73) *GL: Vin à casa para descansar mellor.*



Loxicamente, o galego tamén pode optar aquí por unha oración con infinitivo conxugado cando ambos os predicados son diferentes:

(74) GL: *Vin á casa para descansares mellor.*



Un caso moi interesante refírese às oracións complexas que conteñen nexos complexos, do tipo *non... porque, senón porque*; tal construción é non-estrutural, o que envolve que a escolla de indicativo ou conxuntivo se basea no principio de realis/ irrealis, aínda que novamente ha casos en que a diferenza queda neutralizada, como en:

(75) GL: *Non se queixa porque ten /teña fame, senón por tristeza.*

3.3.2 *O conxuntivo en oracións anexas de tópico*

3.3.2.1 Oracións temporais introducidas por cando e mentres/encanto

As oracións temporais introducidas polos nexos xa mencionados teñen un comportamento complicado demais. No xeral, pódese afirmar que o uso do conxuntivo responde ao criterio realis/irrealis, mas nin sempre é así, visto que ha certos casos de uso obrigatorio do conxuntivo. Por outro lado, o uso do indicativo responde a un criterio aspectual de durativo, non puntual¹⁴, como en:

(76) *GL: A xente non fala [cando / mentres] [come / *coma].*

onde algo puntual tende a ser expresado por medio do conxuntivo, o cal envolve un uso do futuro de indicativo na oración principal:

(77) *GL: Cando [saía / *sae] o sol, [marchamos / marcharemos].*

As construcións imperativas negativas, como xa quedou dito anteriormente en tratando das cláusulas completivas, tamén rexen conxuntivo:

(78) *GL: [Mentres / Cando] [comas / *comes], non fales.*

E o mesmo serve para o imperativo afirmativo:

(79) *GL: Recolle os pratos cando acabes de comer.*

Os eventos, accións e procesos cun claro modus [+ realis] rexen indicativo:

(80) *GL: Eu só como [cando / cada vez que] teño fame.*

(81) *GL: Gasto ben pouca auga mentres tomo unha ducha.*

Polo contrario, cando se trata de un modus que expresa dúbida, hipótese ou eventualidade, isto é, [- realis], é obrigatorio o uso do conxuntivo, mas obsérvase que a cláusula principal ten como tempo o futuro de indicativo:

(82) *GL: Só comerei cando teña / tiver fame.*

(83) *GL: Mentres non mudes de auto, vas ter problemas mecánicos.*

3.3.2.2 Oracións condicionais, concesivas e modais

Ademais das oracións temporais vistas encima, as oracións de tópico aparecen con un conxuntivo estrutural nos subtipos modal e condicional introducidos

¹⁴ De facto, é o mesmo criterio presentado na sección 2.4., concernente às cláusulas relativas. Desde un punto de vista estrutural, as oracións temporais introducidas con *cando* poden ser consideradas oracións relativas sen referente.

con *como se*. As cláusulas condicionais de tipo II e III con nexa *se* rexen pretérito de conxuntivo. O caso II rexe un tempo simple, mentres o tempo III o rexe composto. Nestes casos, o futuro de conxuntivo non se usa:

- (84) *GL: Se tivese diñeiro, viaxaría a Londres* → condición improbable.
 (85) *GL: Se tivese estado en Londres no verán, tería visto as Olimpíadas* → condición imposible.

Outros complementadores, como *caso* (or *en caso de que*) poden ser usados coas oracións condicionais de tipo I, mas sempre con conxuntivo:

- (86) *GL: Caso tiveses frío, colle un cobertor.*

Dun xeito similar, o complementador *cando*, cando ten un valor que queda a medio camiño entre a condición e o tempo, rexe conxuntivo:

- (87) *GL: Cando esteas triste, chámame*¹⁵.

Tal como se verá no parágrafo seguinte, nun rexistro máis formal podería usarse o futuro de conxuntivo:

- (88) *GL: Cando/ se estiveres triste, chámame.*

As oracións anexas modais introducidas por *como se* rexen pretérito de conxuntivo, como no resto de linguas románicas. O presente de conxuntivo non é posíbel neste caso¹⁶.

- (89) *GL: O Pedro compórtase como se estivese doente.*

Canto às cláusulas consecutivas, estas van en conxuntivo por motivos estruturais. Se tomarmos *aínda que*, cómpre sinalar que se trata dun nexa ambivalente. Cando funciona como nexa adversativo (une, por tanto, períodos ou frases), acostuma rexer indicativo; porén, cando se trata dun nexa consecutivo, rexe conxuntivo, o mesmo que *embora*, un complementador que a normativa oficial galega non recoñece, mas que si existe en galego e, certamente, en portugués:

- (90) *GL: Aínda que/ embora sexa xa de noite, imos xogar fútbol.*

3.3.2.3 O futuro de conxuntivo

No galego actual o futuro de conxuntivo ten un uso case exclusivamente formal, à diferenza do portugués, que o mantén con plena vitalidade. Con todo,

¹⁵ Este valor ambivalente nótase perfectamente en checo, onde ambos os complementadores acostuman ser traducidos como *když*:

(X) CZ: *Když jsi smutný, zavolej mi* (=Se/ cando estiveres cansado, chámame)

¹⁶ Obsérvese como mesmo o inglés rexe pretérito de conxuntivo atrás de *as if*.

son moitos os especialistas que propugnan a súa reintrodución nos rexistros formais, cultos. O futuro de conxuntivo ten tres usos principais, todos tres en oracións que presentan un modus [-realis]: oracións temporais con *cando*, oracións condicionais de tipo I *se* e oracións relativas.

3.3.2.3.1 Oracións temporais irrealis

Os exemplos con *cando* presentados na §3.3.2.1 serven para explicar o uso do futuro de conxuntivo. En todos os casos que encima é posíbel usar o presente de conxuntivo, o futuro é tamén posíbel en rexistros formais. Recuperamos as oracións anteriores, xa todas con futuro de subxuntivo:

- (91) *GL: Cando saír o sol, [marchamos / marcharemos].*
- (92) *GL: Cando comeres, non fales.*
- (93) *GL: Recolle os pratos cando acabares de comer.*
- (94) *GL: Só comerei cando tiver fame.*

O exemplo 90, con *mentres/ encanto* (vid. ex. 77), só permite o uso do presente de conxuntivo.

3.3.2.3.2 Oracións condicionais de tipo I con *se*

De todos os nexos deste subtipo de oracións condicionais, só *se* admite o uso do futuro de conxuntivo, e non outros como *caso*, *a menos que*, etc. Aínda que este tipo de oracións de tipo I son normalmente etiquetadas como reais, fronte às hipotéticas do tipo II, o galego-portugués permite aínda subdividir este tipo de oracións, cousa que non é posíbel en ningunha outra lingua románica (embora si o fose no español clásico). O modus [\pm realis] vén, por tanto, indicado polo modo:

- (95) *GL: Se te vexo pola rúa, douche unha boa tunda* → «estou case certo que te verei pola rúa».
- (96) *GL: Se te vir pola rúa, douche unha boa tunda* → «non sei se realmente te verei pola rúa».

Con todo, como xa vimos insistindo ao longo deste estudo, o exemplo (94) non se encontraría galego falado, embora si en portugués. A idea do futuro transmite evidentemente a posibilidade de algo non acontecer, co cal, o grao de certeza diminúe.

De certo ha casos en que non se podería usar o futuro de conxuntivo, só o presente de indicativo:

- (97) *GL: Se a xente canta, está contenta.*

Esta frase pode ser refeita con *cando*, o cal é imposible no exemplo (94):

(98) *GL: Cando a xente canta, está contenta.*

3.3.2.3.3 Oracións relativas

Como nos casos anteriores, o futuro do conxuntivo é unha alternativa formal ao presente do conxuntivo.

(99) *GL: Pasa toda esa información à xente que estea / estiver interesada.*

Por outro lado, a idea de [\pm realis] vén dada polo MOD da oración principal, que rexerá tamén presente ou futuro de indicativo. Obsérvense os seguintes exemplos portugueses:

(100) *PT: Quem souber idiomas triunfará.*

(101) *PT: Quem saiba idiomas triunfa.*

(102) *PT: Quem sabe idiomas triunfa.*

Se considerarmos (101) como [+ realis] e (100) como [- irrealis], o que sería (99)? Para non complicarmos as cousas desnecesariamente, digamos que, se o exemplo (100) é marcado, o (99) é duplamente marcado.

4. VERBOS MODAIS E AUXILIARES EN GALEGO

4.1 Os conceptos de auxiliar e modal

As gramáticas canónicas non dedican tempo demais à cuestión dos verbos auxiliares e modais no ámbito iberorrománico, mas si ao concepto de perífrase, que atrae moito máis o interese dos estudosos. No entanto, é preciso emprestar maior atención à cuestión destes verbos funcionais, que non lexemáticos, visto que ha moitos elementos concernentes ao seu funcionamento que non foron aínda descritos ou, polo menos, non suficientemente. Eis a cuestión do verbo *ter*, que é un auténtico verbo auxiliar, ferramenta imprescindible para a formación dos tempos compostos en galego, igual que en portugués. Veremos máis adiante como as formas compostas en galego son exclusivas, nin sequera coinciden cento por cento con como funciona en portugués. Convirá, por tanto, delimitar tamén o concepto de perífrase, porque non pode ser aplicado a todos os cúmulo verbais, visto que as perífrases si son cúmulo verbais, mas non todos os son cúmulo perífrases.

Unha das características senlleiras de calquera verbo auxiliar-modal é que ha de ir seguido por unha forma finita do verbo léxico. Así que houber unha forma conxugada, non estaríamos a falar de auténticos verbos auxiliares-modais.

4.2 Proposta dunha tipoloxía

Propomos o seguinte gráfico para clasificar os tipos de verbos conforme a súa división primaria (semántica) entre lexicais e funcionais, para despois desglosar os segundos a partir de criterios principalmente sintácticos.

1. Verbos lexicais: *comer, falar, entender, correr*, etc. (máis de 99% dos verbos) → **ver**
2. Verbos funcionais:
 - 2.1 Verbos modais: *poder, deber, acostumar* → **poder ver**
 - 2.2 Verbos Auxiliares:
 - 2.2.1 Propios: *ser, estar, ter* → **ser visto**
 - 2.2.2 Impropios: *andar, dar, ir*, etc. → **andar a ver**

4.3 Verbos auxiliares

Aínda que os verbos funcionais son unha clase de palabras fechada, a súa categorización, tal como foi presentada na tabela anterior, é complicada demais. O primeiro paso ha ser establecer cal é a diferenza entre un verbo modal e un auxiliar, caso sexa relevante tan relevante para o galego como o é para o inglés. Nesta lingua, os auxiliares primarios son *be, have, do*, encanto *can, must, ought to*, etc., son modais¹⁷. A principal diferenza encóntrase no duplo valor do primeiro grupo, que permite que os ditos verbos podan ser usados quer como verbos lexicais, quer como verbos auxiliares:

(103) EN: *I have three children* (→ lexical).

(104) EN: *I have seen three children* (→ auxiliar).

Parece ser que este criterio pode ser tamén válido para as linguas románicas, mas non de todo. Reparemos agora nos dous verbos auxiliares canónicos do español: *haber* e *ser*. O primeiro deles, *haber*, serve para formar os chamados tempo de perfecto, mas tamén serve para construír perífrases obrigativas xunto coa preposición *de*, dando lugar, xa que logo, a *haber de* + INFINITIVO, que ten inclusive a variante impersonal *hay que* + INFINITIVO. O segundo verbo, *ser*, serve como verbo diatetizador —isto é, para construír a voz pasiva—, mas é tamén un verbo lexical. Se, ademais, aceptarmos *estar* como un terceiro verbo auxiliar —serve para a formación dos chamados tempos continuos ou progresivos—, teríamos, logo, outro caso de auxiliar que é tamén empregado como verbo lexical. En conclusión, o único punto débil da teoría dos auxiliares-modais ingleses aplicada ao español é que *haber* non é un verbo lexical.

¹⁷ Unha boa explicación acerca das orixes e o comportamento morfosintáctico destes verbos ingleses pode ser consultada en Santorini, Beatrice (2012): «Modals and Auxiliary Verbs in English» in *Introduction to Syntactic Theory*. Dispoñíbel en <http://www.ling.upenn.edu/~beatrice/250/> [Xaneiro, 2015]

Así e todo, ha motivos para considerar que todos tres verbos españois —*haber, ser, estar*— son auténticos auxiliares. De facto, *haber* era un verbo lexical no español primitivo (como no resto do iberorrománico), que foi substituído neste caso por *tener*. Cómpre non perder de vista que *haber* é a evolución do latín *HABERE*, que xa no latín serodio mantivo os dous valores, como verbo lexical e como verbo funcional. Tal situación mantense aínda nas linguas románicas non ibéricas (cfr. francés *avoir*, italiano *avere*), onde tal verbo retén a súa dupla categoría.

Por outro lado, a evolución do latín *TENERE* para expresar posesión, típica do iberorromance e tamén do sardo¹⁸ e até do napolitano¹⁹, forzou *HABERE* a ficar como un verbo funcional. O galego-portugués deu un paso máis e transformou este verbo no auxiliar por antonomasia para os chamados tempos de perfecto.

Por tanto, se analizarmos *haber* desde unha óptica diacrónica, non só sincrónica, encontramos razóns demais para o considerar un auxiliar completo en español, un propio.

4.4 Verbos modais

Conforme a definición anterior, os verbos modais non poden ser lexicais, polo que sempre han ir acompañando un verbo lexical. O inglés (igual que as linguas xermánicas en xeral) desenvolveu amplamente esta categoría, mas non foi así en románico. O galego podemos recoller varios verbos deste xénero: *poder, deber, haber, adoitar* (ou o seu sinónimo *acostumar* [PT *costumar*²⁰, ES *soler*]), posibelmente poderíamos engadir a esta categoría *convir*. En español son os mesmos, onde o equivalente a *adoitar* é *soler*²¹.

Voltando ao *haber* galego, si o consideramos un modal, à diferenza do español, visto que non é un auxiliar, usado principalmente para a expresión de obrigas e con valor de futuro:

(105) *GL: Hei falar con el dese asunto.*

(106) *GL: Heiche dicir a verdade.*

(107) *GL: Has ir pensando en procurar outro traballo.*

¹⁸ Este valor de *tènnere* está formalizado en sardo padrón (LSC): *tèngio ganas de ti bìdere*, de tal maneira que *àere* pasa a ser auxiliar: *apo biu a Maria in sa praia*. Con todo, *àere* segue a ser usado como verbo lexical de posesión nos falares do norte. De facto, a expresión da posesión pode ser feita con ambos os verbos: *Non tèngio / apo sonnu* (=‘teño sono’), mas apenas *àere* funciona como auxiliar: *No l'apo / *lu tèngio biu*. (=‘non o teño visto’).

¹⁹ *Non tengo moglie* ou *tu non tieni amici* son formas correntes. Este uso é mantido até no italiano rexional.

²⁰ O portugués distingue entre *acostumar(-se)* e *costumar*, sendo o verbo modal o segundo. O primeiro é usado como ditransitivo:

(XI) PT: *Acostumei os meus filhos a cozinharem*

²¹ Existe en galego *soer*, que as últimas edicións do VOLG xa non recollen, mas que está perfectamente documentado nos dicionarios do século XIX e XX, tal como se recolle no *Diccionario de dicionarios*, consultábel en liña en <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>.

Este verbo presenta a forma impersonal *haber que* + infinitivo, tamén en español, que expresa obriga impersonal. Poderíamos adicionar aínda *ter que de* + infinitivo, cun valor moi semellante a *deber*, que tamén expresa obriga, mas consideramos que se trata doutra categoría diferente do mero *ter* auxiliar.

4.5 Auxiliares improprios

Este é o derradeiro grupo de verbos. Conforme as gramáticas tradicionais, verbos como *comezar (a)*, *acabar (de)*, *ir*, *andar a*, *vir de*, etc. son considerados semi-auxiliares. Trátase dun grupo heteroxéneo de verbos lexicais que so certas circunstancias asumen o papel de verbos auxiliares, sempre seguidos de formas non-finitas nas linguas románicas (salvo en romeno). Tais estruturas son coñecidas coa etiqueta de perífrases, clasificadas con criterios de preferencia semánticos segundo os matices que fornecen ao verbo lexical, case todos eles aspectuais. O galego posúe unha destas construcións de seu, que non se encontra mesmo en portugués; trátase de *dar* + PARTICIPIO, co significado de «conseguir, alcanzar (facer algo)»:

(108) *GL: Non dou atopado un mecánico.*

4.6 Por unha listaxe «definitiva» de auxiliares propios galegos

Xa foi mencionada encima que a lista «oficial» de auxiliares propios debería conter os seguintes verbos: *ser*; *estar*; *ter*; *ir*. Visto que *ser* adoita ser xa aceitado como auxiliar da voz pasiva, imos concentrarnos nos outros tres verbos²².

4.6.1 *Estar como auxiliar das formas continuas*

As chamadas formas continuas, propias do galego-portugués, ben como do español, catalán, italiano e sardo, úsanse para reflectir un determinado aspecto verbal que as gramáticas convencionais inclúen, como xa dixemos, nas perífrases. En tratándose do aspecto (véxase o capítulo 5), os tempos de pasado románicos distinguen entre perfectivo e imperfectivo, herdanza directa do latín (*CANTAVI* fronte a *CANTABAM*). O imperfectivo vén sendo o aspecto [+ marca], encanto o perfectivo é [- marcado]. Na súa evolución posterior, algúns romances (concretamente os ibéricos e itálicos) desenvolveron un segundo tipo de aspecto que respondía aos trazos iterativo [+ iterativo] contra puntual [- iterativo]. É precisamente aquí onde os romances coinciden co inglés, a única lingua xermánica que posúe este tipo de aspecto, do que trataremos no seguinte capítulo.

O desenvolvemento deste aspecto complicou os paradigmas, cuxa comparación mostra a falta de equivalencia entre as distintas linguas. Se tomarmos o

²² Canonicamente a gramática portuguesa fala de catro auxiliares: *ter*; *ser*; *estar*; *haber*.

galego con dous trazos ([± imperfectivo] [± iterativo]) e o confrontarmos con outras linguas que só posúen un tipo de aspecto, vgr. inglés con [± iterativo] e o francés con [± imperfectivo]), o resultado é:

Francés	Galego	Inglés
<i>je travaillai [j'ai travaillé]</i>	<i>traballei</i>	<i>I worked</i>
<i>je travaillais</i>	<i>traballaba</i>	
	<i>estaba a traballar</i>	<i>I was working</i>
	<i>estiven a traballar</i>	

A oposición [+ iterativo] vs. [- iterativo] resulta crucial nas linguas románicas do sul, ben como en inglés, aínda que nesta última lingua ha unha serie de verbos que non adoitan presentar unha forma continua, como *need*, *want*, *seem* ou *care*, mas as linguas románicas non parecen ser tran estritas neste sentido, visto que a forma continua pode ser utilizada en galego en casos que o inglés non acostuma:

(109) *GL: Este auto está a precisar que o laven de vez.*

(110) *GL: Está a me parecer que es un mentireiro.*

Pola contra, o galego (e o resto do iberorrománico) poden prescindir da forma continua cando houber marcas aspectuais (no xeral adverbios):

(111) *GL: Eu neste momento non falo/estou a falar con eles, xa os chamo máis tarde.*

4.6.2 Ter como auxiliar

As gramáticas galegas negan a existencia dos tempos compostos en galego, consideran que as construcións de *ter* + PARTICIPIO son perifrásticas en todos os casos (Freixeiro Mato 2000: 454; Moscoso 2000: 213).

Tal visión non é partillada por nós, mas de certo non se pode igualar o sistema de tempos compostos do galego co do español. Defenderemos a seguir a existencia de auténticos tempos compostos en galego. Comezaremos coa comparación entre a equivalencia de tempos entre ambas as linguas:

Español	Galego
<i>He visto</i>	<i>Vin</i>
<i>Vi</i>	

O galego, à diferenza do francés e do italiano falados (polo menos nos xeolectos septentrionais) usa apenas os tempos simples para a expresión do pasado, de xeito que a distinción entre tempos e compostos non se dá, como en español:

Galego	Español	Francés
<i>Falei</i>	<i>He hablado</i>	<i>J'ai parlé</i>
	<i>Hablé</i>	

O galego carece de tempos compostos propios para o pretérito (*cantei, bebín, partín*) e o antepretérito continúa a ser un tempo simple: *cantara, bebera, partira*. Porén, se aceptarmos a existencia de formas *teño visto, teño falado*, que é que son? Segundo Maragoto (2013: 107-108) son tempos compostos sen máis (é o único estudioso actual que defende a existencia dos tempos compostos en galego), mas non distingue que *teño visto* sexa unha perífrase, encanto *tivese visto* sexa un auténtico tempo composto, por exemplo. O problema é moi complexo, visto que o galego ten tempos compostos con *ter* e ao mesmo tempo ten unha perífrase aspectual tamén con *ter*, unha perífrase que todas as gramáticas veñen sinalando que expresa hábitos:

(112) GL: *Teño falado con el desde que veu morar aquí.*

O mero pretérito non serve para expresar tal hábito:

(113) GL: **Falei con el desde que veu morar aquí.*

Polo outro lado, fóra de *ter falado* (→ hábitos que persisten) e *tiña falado* (→ hábitos que xa non se dan), o resto de formas con *ter* son auténticas formas compostas en galego, necesarias para a construción de oracións condicionais dos tipos II e III, entre outras estruturas.

(114) GL: *Se o Xoán fose máis atento co que di, non pasaría isto* (Tipo II).

(115) GL: *Se o Xoán tivese sido máis atento co que dicía, non tería pasado isto* (Tipo III²³).

Tamén para o futuro e o condicionais compostos cando é preciso ter unha perspectiva temporal.

(116) GL: *Cando voltes / voltares por aquí en xuño, xa terán rematado / *rematarán as aulas.*

²³ Como ben indica Moscoso (2000: 216), ha unha preferencia polas formas simples, e ofrece exemplos que serven para este tipo de oracións condicionais do tipo III, e ofrece un exemplo como:

(XII)GL: *Se o fixeses onte, todo cambiaría*

Con todo, este mesmo autor recolle formas compostas semellantes con *ter* que non considera compostas. A escolla dos tempos simples é, con efecto, algo natural en galego, mas tal tendencia non envolve a exclusión dos tempos compostos.

Por tanto, no exemplos seguinte non se expresan hábitos pasados, aínda que o tempo composto aparece en conxuntivo:

(117) *GL: Espero que non o teñas esquecido.*

O uso de *ter* como auxiliar dos tempos compostos é evidente cos tempos futuro, condicional e todos os de conxuntivo, así como coas formas non finitas do verbo:

(118) *GL: Se eu tivese sabido que chegariades tan tarde, non tería feito a cea tan cedo.*

(119) *GL: Se eu tiver tido fame, tería pedido algo de comer.*

(120) *GL: Esperaba que non tiveses lido ese libro xa.*

Os tempos de pasado (pretérito, antepretérito e copretérito) non teñen formas compostas. De feito, o galego conserva o antepretérito simple:

(121) *GL: Cando el chegou, eu xa limpara o auto.*

Por tanto, o uso de *ter* como forma composta ou perifrástica pódese mostrar así:

Perífrases	<i>teño falado</i>	Tempos simples	<i>falei</i>
	<i>tiña falado</i>		<i>falaras</i>
Tempos compostos	<i>tereí falado</i>		
	<i>tería falado</i>		
	<i>teña falado</i>		
	<i>tivese falado</i>		
	<i>tiver falado</i>		
	<i>ter falado</i>		
	<i>tendo falado</i>		

Os tempos compostos expresan pasado. Sen o auxiliar *ter*, non habería maneira de expresar o dito pasado en moitos casos. Eis a diferenza entre os dous exemplos a seguir:

(122) *GL: Espero que veña [- pasado].*

(123) *GL: Espero que teña vido [+ pasado].*

(124) *GL: Esperaba que viñese.*

Como se pode apreciar, o cadro dos tempos compostos en galego é moi incompleto:

		Presente	Pretérito	Copretérito	Antepret.	Futuro	Condic.
Indicat.	simple	<i>falo</i>	<i>falei</i>	<i>falaba</i>	<i>falara</i>	<i>falarei</i>	<i>falaría</i>
	comp.		–	–	–	<i>tereí falado</i>	<i>tería falado</i>
Conx.	simple	<i>fale</i>		<i>falase</i>		<i>falar</i>	
	comp.	<i>teña falado</i>		<i>tivese falado</i>		<i>tiver falado</i>	

Compárese co cadro dos tempos simples e compostos do español:

		Presente	Pretérito	Imperfecto	Futuro	Condic.
Indicat.	simple	<i>hablo</i>	<i>hablé</i>	<i>hablaba</i>	<i>hablaré</i>	<i>hablaría</i>
	comp.	<i>he hablado</i>	<i>hube hablado</i>	<i>había hablado</i>	<i>habré hablado</i>	<i>habría hablado</i>
Conx.	simple	<i>hable</i>		<i>hablara</i>		
	comp.	<i>haya hablado</i>		<i>hubiera hablado</i>		

4.6.3 Ir como auxiliar

Este verbo tamén cumpre as condicións para ser considerado un auxiliar. En moitas linguas románicas (coa excepción do romeno, o italiano e o catalán) serve para expresar futuro, por norma futuro próximo). Na lingua falada até tende a deslocalar o futuro sintético, que por veces até soa moi formal.

(125) *GL: Vou visitar os meus pais na casa da serra.*

As gramáticas tradicionais, non só as galegas, mas tamén o resto das ibero-románicas, consideran as construcións de *ir* + INFINITIVO máis unha vez como perífrases, mas aquí imos consideralo máis ben como un auxiliar, como de facto acontece con este verbo en catalán usado para a expresión do pasado:

(126) *CT: Vaig visitar mes pares a Barcelona la setmana passada.*

4.6.4 Conclusións

Todos os verbos auxiliares galegos cumpren un papel moi claro. Para alén dos seus trazos morfolóxicos, tamén cumpren un papel sintáctico, resumido a seguir:

- *ser*: diatetizador da voz pasiva.
- *ter*: auxiliar para crear os tempos compostos.
- *ir*: auxiliar para crear tempos de futuro.
- *estar*: aspectualizador que serve para expresar o [\pm iterativo].

5. O ASPECTO VERBAL: CLASIFICACIÓN E TIPOLOXÍA

5.1 O aspecto na gramática tradicional

A maioría dos manuais tradicionais dedican ben pouco espazo ao aspecto verbal, que tende a ser mesturado ou confundido co tempo. O galego, como a maioría de linguas románicas, presenta unha grande diversidade no seu modus canto à expresión do aspecto. Para iso, faremos unha revisión dos aspectos principais que se poden encontrar en galego —non nos ocuparemos de todos—, procurando en moitos casos a comparación con outras linguas románicas e non románicas, ben como atribuíndo un sistema de etiquetaxe aos distintos aspectos verbais.

A tradicional confusión entre aspecto e tempo obríganos a procurar unha definición axeitada do mesmo²⁴:

Aspect refers to the internal temporal constituency of an event, or the manner in which a verb's action is distributed through the time-space continuum. Tense, on the other hand, points out the location of an event in the continuum of events. Be advised that many of the verb forms which are traditionally called «tenses» in grammar books and foreign language text-books are actually aspects; the traditional terminology is misleading. The distinctions between *she read that book*, *she used to read such books*, and *she was reading that book when I entered the room* are aspectual distinctions rather than differences of tense.

Ao longo deste capítulo imos concentrarnos en tres tipos de aspecto concretos, aínda que certamente ha máis²⁵. Historicamente só se acostuma mencionar un único aspecto: perfectivo/ imperfectivo, herdanza directa do latín. Tais manuais, nomeadamente españois e portugueses, establecen a distinción entre o perfectivo e o imperfectivo. Eis o que di Alarcos Llorach (1994: 161) sobre esta cuestión:

De esta manera, se dice que cantaba posee sentido imperfectivo o durativo, mientras cantaste es perfectivo o puntual; en otras palabras, que el primero es no terminativo y el segundo es terminativo y señala la consumación de la noción designada por la raíz verbal.

A este tipo de distinciones se suele aplicar el término de aspecto, de suerte que así se evita aludir a diferencias cronológicas. Pero el mismo término se ha atribuido también a las particularidades de la noción denotada por la raíz verbal, y se dice, por ejemplo, que un significado como «tirar» es perfectivo o

²⁴ Harrison, Rick. *Verbal Aspect*. (2006). Disponível tamén en: <http://www.rickharrison.com/language/aspect.html> (consultado xuño 2015)

²⁵ Para unha clasificación completa do aspecto verbal, véxase: Garey B. Howard. (1957): «Verbal Aspect in French». In *Language*. Vol. 33, No. 2 (Apr. - Jun., 1957), pp. 91-110

puntual (pues al producirse concluye) y otro como «vivir» es imperfectivo o durativo (porque al iniciarse se prosigue). Estos datos adscritos a la noción designada por la raíz verbal no tienen nada que ver con los valores que los morfemas aspectuales expresan en las formas *cantabas* y *cantaste*, pues su referencia no terminativa o terminativa es compatible tanto con raíces durativas como puntuales.

As explicacións anteriores serven para explicar a diferenza que se encontra nestes dous exemplos:

(127) *GL: O encoro perdía auga* (→ a perda era constante).

(128) *GL: O encoro perdeu auga* (→ a perda foi puntual).

Na realidade, a diferenza entre perfectivo e imperfectivo é máis complexa que iso. O perfectivo tende a marcar un período fechado. Así, o seguinte exemplo non mostra que o período de estudo estivese concluído, apenas que se estendeu durante un certo período de tempo:

(129) *GL: O Xoán estudaba matemáticas.*

Noutros casos, o imperfectivo expresa simultaneidade:

(130) *GL: O Xoán estudaba matemáticas mentres nós estudabamos literatura*

E en non poucos casos, o imperfecto refírese a hábitos, o que permitiría que este tempo fose traducido para inglés coa axuda do modal *used to*):

(131) *GL: O Xoán sempre estudaba na biblioteca.*

Nos casos anteriores, o perfecto, caso ter sido usado, presentaría valores ben diferentes, sempre referidos a eventos ou actividades, mas nunca a hábitos.

Alén diso, é un erro crer que a categoría [\pm imperfecto] só se encontra no pasado. O uso do tempo presente para un crono futuro é un uso perfectivo, encanto o uso do tempo presente para o crono presente é un uso imperfectivo. As linguas eslavas reflicten esta diferenza na conxugación, como se ve no seguinte exemplo checo:

(132) *CZ: Píšu pohádky.*

(133) *CZ: Napíšu pohádku.*

Compárense os exemplos anteriores cos seus equivalente galegos:

(134) *GL: Escribo historias* → [+ imperf.].

(135) *GL: [Mañá] escribo unha historia* → [- imperf.].

5.2 O recoñecemento implícito do aspecto iterativo/puntual

Ha outro tipo de aspecto que é só recoñecido *indirectamente* nos manuais tradicionais. So a denominación de perífrases aspectuais, nas gramáticas ibero-románicas tende a distinguir entre accións ou eventos puntuais e iterativos, mas non ao mesmo nivel que o perfectivo e imperfectivo, como se se tratase dunha distinción menos relevante (véxase encima §4.6.1). No entanto, consideramos que o dito aspecto ten unha importancia moi superior da que lle é atribuída, outramente non se distinguiría entre:

(136) *GL: O neno xoga fútbol.*

(137) *GL: O neno está a xogar fútbol.*

Así e todo, non é este un aspecto pan-románico, falta en francés (e en romeno):

(138) *FR: L'enfant joue au football tous les jours.*

(139) *FR: L'enfant joue au football maintenant.*

O francés, caso quixese insistir no aspecto puntual, podería recorrer à estrutura *être en train de*. Este tipo de aspecto, por tanto, non procede do latín, mas é unha innovación dunha parte dos romances, concretamente os do sul e do oeste.

5.3 Aínda un terceiro aspecto

Cómpre aínda analizar un terceiro aspecto que é case xeralmente ignorado nos manuais tradicionais, tamén mesturado co tempo. Neste caso referímonos a un tipo de aspecto que non é heteroxéneo canto à súa plasmación en todas as linguas románicas e do cal xa tratamos no capítulo anterior cando nos referimos aos tempos compostos (vid. § 4.6.2.). Para introducirmos este terceiro tipo de aspecto, usaremos o español, lingua na cal se comprende perfectamente o seu valor. Obsérvense os seguintes dous exemplos:

(140) *ES: He vivido diez años en Madrid.*

(141) *ES: Viví diez años en Madrid.*

En español (e de facto tamén en inglés), a primeira frase expresa que a realidade de morar en Madrid aínda continúa, encanto que no segundo caso o período de morada en Madrid xa concluíu. As etiquetas para este terceiro tipo de aspecto son *perfecto* e *imperfecto*, que non deben ser confundidas con *perfectivo* e *imperfectivo*. Para evitar confusións, etiquetaremos este novo par como [± completo].

Como xa ficou dito anteriormente, o pasado non sempre reflicte unha relación entre cumprido e non cumprido en galego (véxase §4.6.2), mas si o fai noutros tempos, como o futuro:

(142) *GL: Os rapaces xogarán a partida às nove.*

(143) *GL: Mañá a estas horas os nenos xa terán xogado a partida.*

5.4 Conclusións sobre a tipoloxía do aspecto en galego

A nosa análise dos tres tipos de aspecto galego pode ser esquematizada como segue:

- a) Canto ao cumprimento: perfectivo / imperfectivo [\pm perf]: *falei ~ falaba.*
- b) Canto à duración: durativo / puntual [\pm durat]: *falo ~ estou a falar.*
- c) Canto à completión: perfecto (completo) / imperfecto (incompleto) [\pm comp]: *falaría~tería falado.*

Consideramos, por tanto, que estes tres tipos de aspectos son primarios en galego-portugués, onde algúns son expresados co paradigma verbal (herdanza do latín) e outros por medio dunha conxugación perifrástica (innovación románica). Existen outros aspectos que non incluiremos aquí por cuestión de espazo, mas que poden ser citados; entre eles, a expresión do inicial, por medio de *estar para* ou *empezar a*.

Alén diso, a etiquetaxe dos aspectos contribúe para unha clara distinción dos mesmos à hora de analizar as formas verbais. Cada unha das formas escoollidas na tabela de embaixo ten unha etiquetaxe distinta:

<i>Estabamos a ter</i>	[- perf], [+ dur], [- comp]
<i>Estiven a ver</i>	[+ perf], [+ dur], [- comp]
<i>Non teño visto</i>	[- perf], [- dur], [- comp]
<i>Traballaría</i>	[\pm perf], [- dur], [- comp]
<i>Tería traballado</i>	[\pm perf], [- dur], [+ comp]
<i>Tería estado a traballar</i>	[\pm perf], [+ dur], [+ comp]

BIBLIOGRAFÍA

- Alarcos Llorach, E. (1994) *Gramática de la lengua española*. Madrid, Espasa Calpe.
- Coseriu, E. (1996) *El sistema verbal románico*. Madrid, Siglo XXI., 1996
- Cunha, C.; Cintra, L. (2005) *Nova Gramática do Português Contemporâneo*. Lisboa, Edições João Sá da Costa.
- Delatour, Y.; Jennepin, D.; Léon-Dufour, M.; Teyssier, B. (2004) *Nouvelle Grammaire du Français*. Paris, Hachette.
- Falzone, G. (1996) *Grammatica pratica della lingua italiana*. Milano: La Spiga.
- Freixeiro Mato, X. R. (2000) *Gramática da lingua galega II, Morfosintaxe*, Vigo, A Nosa Terra.
- Frías Conde, X. (1999) *O galego exterior às fronteiras administrativas*. Gijón, VTP.
- (2009) *An Introduction to Functional Categorical Grammar*. Palma de Mallorca, Bubok.
- (2011) *Ischemas de limba sarda (iscridura e paradigmas)*. Pontevedra, Romania Minor.
- (2014a) *Compendio de gramática galega básica*. Madrid, UNED.
- (2014b) *Compêndio de gramática portuguesa básica*. Madrid, UNED.
- (2014c) «O Galego e a Lusofonia», em Ferreira A. M. *Pelos mares da Língua Portuguesa II* Aveiro, Universidade de Aveiro, 2014, pp. 347-357.
- Gómez Torrego, L. (2002) *Gramática didáctica del español*. Madrid, SM, 2002.
- Gönczöl-Davies, R. (2008) *Romanian. An Essential Grammar*. New York, Routledge.
- Harrison, R. (2006) *Verbal Aspect*. <http://www.rickharrison.com/language/aspect.html> [xuño, 2015].
- Jones, Michael Allan (1993) *Sardinian Syntax*, New York, Routledge.
- Lausberg, H. (1993) *Lingüística románica*. T. II. Madrid, Gredos, 1993.
- Linsky, L. (1971) *Reference and Modality*. Oxford, Oxford University Press.
- Moscoso Mato, E (2000) *Os tempos compostos no galego medieval*, anexo 46 de *Verba*. Santiago: USC.
- Ostrá, R.; Spitzová, E (1995) *Úvod do studia románských jazyk* . Brno, Vydavatelství Masarykovy univerzity.
- Sánchez Maragoto, E. (2013) *Como ser reintegracionista sen que a familia saiba*, Pontevedra, Edicións do Cumio.

- Santorini, B. (2012) «Modals and Auxiliary Verbs in English» in Introduction to Syntactic Theory. <http://www.ling.upenn.edu/~beatrice/250/> [xuño, 2015]
- Virdis, M. (2000) «Plasticità costruttiva della frase sarda (e la posizione del soggetto)» *Revista de Filología Románica* 17, Madrid, UCM, pp. 31-46.
- Whitlam, J. (2011) *Modern Brazilian Portuguese Grammar*. New York, Routledge.
- Zavadil, B. (1980) *Kategorie modality ve španělštině*. Praha, Univerzita Karlova.

ÍNDICE

Limiar

1. Unha visión xeral do paradigma verbal galego.
 - 1.1 Introducción ao verbo galego.
 - 1.1.1 Persoa.
 - 1.1.2 Tempo real e tempo verbal.
 - 1.2 As formas compostas.
 - 1.3 O paradigma.
 - 1.4 A mesóclise.
2. O uso do conxuntivo en galego (I).
 - 2.1 A complexidade do modo conxuntivo.
 - 2.2 Uso impropio do conxuntivo.
 - 2.3 O conxuntivo entre outros modos.
 - 2.4 A etiqueta realis ~ irrealis.
 - 2.5 O modo conxuntivo en oracións principais.
 - 2.5.1 Primeiro tipo.
 - 2.5.2 Segundo tipo.
 - 2.5.3 Terceiro tipo.
 - 2.5.4 Cuarto tipo.
 - 2.6 O conxuntivo estrutural.
3. O uso do conxuntivo en galego (II).
 - 3.1 Esquema das oracións dependentes en referencia ao conxuntivo.
 - 3.2 O conxuntivo en oracións completivas.
 - 3.2.1 Oracións completivas de tipo I.
 - 3.2.2 A *Consecutio Temporum* en oracións completivas.

- 3.2.3 Oracións completivas de tipo II.
- 3.2.4 Conxuntivo en oracións relativas.
- 3.3 O conxuntivo en oracións anexas.
 - 3.3.1 O conxuntivo en oracións anexas.
 - 3.3.2 O conxuntivo en oracións anexas de tópico.
 - 3.3.2.1 Oracións temporais introducidas por *cando* e *mentres/encanto*.
 - 3.3.2.2 Oracións condicionais, concesivas e modais.
 - 3.3.2.3 O futuro de conxuntivo.
 - 3.3.2.3.1 Oracións temporais *irrealis*.
 - 3.3.2.3.2 Oracións condicionais de tipo I con *se*.
 - 3.3.2.3.3 Oracións relativas.
- 4. Verbos modais e auxiliares en galego.
 - 4.1 Os conceptos de auxiliar e modal.
 - 4.2 Proposta dunha tipoloxía.
 - 4.3 Verbos auxiliares.
 - 4.4 Verbos modais.
 - 4.5 Auxiliares improprios.
 - 4.6 Por unha listaxe «definitiva» de auxiliares propios galegos.
 - 4.6.1 *Estar* como auxiliar das formas continuas.
 - 4.6.2 *Ter* como auxiliar.
 - 4.6.3 *Ir* como auxiliar.
 - 4.6.4 Conclusións.
- 5. O aspecto verbal: clasificación e tipoloxía.
 - 5.1 O aspecto na gramática tradicional.
 - 5.2 O recoñecemento implícito do aspecto iterativo/puntual.
 - 5.3 Aínda un terceiro aspecto.
 - 5.4 Conclusións obre a tipoloxía do aspecto en galego.

Bibliografía



ISSN: 1130-8508

